

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 23 DE XULLO DE 2015. NÚM. 8/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZALEZ CASARES. (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (P.P).
D^a. MARIA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P).
D^a. MARIA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P).
D^a. MARIA JOSÉ BATÁN MOURIÑO. (P.P).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (P.P).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (P.P).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (P.P).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da Acta da sesión de constitución da Corporación Municipal, de data 13 de xuño de 2015, e da acta da sesión anterior, N° 7/2015 de 3 de xullo.....	páx.3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Conta Xeral 2014 do Concello de Lalín.....	páx. 10
4.- Dación de conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín, correspondentes ao primeiro trimestre de 2015.	páx. 11
5.- Dación de conta do decreto da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo posto pola Intervención do Concello ao pago de varias facturas correspondentes ao servizo de mantemento do campo de fútbol municipal Manuel Ángel Cortizo.....	páx. 11
6.-Expediente de modificación de créditos. Crédito extraordinario e Suplemento de crédito N° 3-P/2015.....	páx. 13
7.-Expediente de modificación de créditos. Suplemento de crédito N° 4-P/2015.....	páx. 15
8.- Mocións do grupo de goberno.....	páx. 21
8.1.- Moción do grupo de goberno en relación á solicitude a ACEGA de colocación de carteis indicativos da Rede Natura da Serra do Candán e da parroquia de Vilatuxe na AP-53	páx. 21
8.2.- Moción do grupo de goberno para declarar o Concello de Lalín como municipio libre de desafuizamentos	páx. 22
8.3.- Moción do grupo de goberno para declarar Lalín vila libre de circos con animais.....	páx. 25
9.- Mocións do PP.....	páx. 27
9.1.- Moción do PP para solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra que dote de persoal e poña en marcha o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico (Laboratorio de Liñares)	páx. 27
9.2.- Moción do PP para realización dun informe económico ou auditoría de contas do Concello de Lalín	páx. 28
9.3.- Moción do PP para a defensa do sector lácteo galego	páx. 31
10.- Mocións do BNG.....	páx. 34
10.1.- Moción do BNG en defensa do sector lácteo de Galicia	páx. 34
10.2.- Moción do BNG para constituír e por en funcionamento o Concello Escolar Municipal de Lalín	páx 36
11.- Rogos e preguntas.....	páx. 39
=====	

Sendo as dez horas do **xoves, día 23 de xullo de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, DE DATA 13 DE XUÑO DE 2015, E DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/2015 DE 3 DE XULLO.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da Acta de constitución da Corporación Municipal, de data 13 de xuño de 2015, e da acta nº 7/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2015. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

En relación coa acta da sesión do día 3 de xullo de 2015, *D. Xosé Crespo Iglesias* na paxina 17, punto 5º da orde do día do borrador, onde dí: "*D. Nicolás Casares González* indicou que antes había impedimentos para acceder á información, e que agora cambiaba todo", debía constar que os membros da oposición poderían facer fotocopias dos expedientes. Tamén indicou que cando foi Alcalde, poñía un funcionario non para vixiar aos edís da oposición, senón para custodiar a documentación que se entregaba aos concelleiros.

Por alusións o edil socialista aludido polas verbas anteriores, *D. Nicolás González Casares*, indicou que era certo que na dita sesión afirmou o que se indicaba, pero tamén tiña que quedar moi claro que el non decidía que documentos se podían fotocopiar para darllos á oposición, senón que era o Sr. Secretario quen o decidía.

Xa que logo se trataría de engadir á primeira intervención de *D. Nicolás González Casares* no punto 4º do borrador da dita acta, que os membros da oposición poderían facer fotocopias dos expedientes, pero sempre daqueles documentos que o Sr. Secretario indique que poidan ser fotocopiados conforme á normativa vixente.

Con esta rectificación, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a Acta de constitución da Corporación Municipal, de data 13 de xuño de 2015 e a acta nº 7/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2015, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- CONTA XERAL 2014 DO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2015.

De seguido, a edil delegada de facenda, ***Dª Teresa Varela Fisteus*** explicou que se trataba de aprobar as contas do exercicio anterior, na que a xestión foi do anterior grupo de goberno. Non había nada que obxectar e aprobaríanas.

Desde o BNG, ***D. Xosé Manuel López Fernández*** indicou que había moita documentación e que por coherencia coa postura do seu grupo absteríase.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e dez (10) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do BNG.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación APROBOU o expediente do seguinte tenor:**

Transcorrido o prazo de exposición ao público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2014, sen que se presentara reclamación algunha, elévanse ao Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando cumprimento ao disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Con base no exposto, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2014, integrada polos estados e contas anuais da entidade e as do Padroado Cultural de Lalín.

4.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2015.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2015.

De seguido o **Sr. Secretario** deu lectura do resultado do mesmo e das cifras que correspondían a cada apartado resume.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2015, emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao primeiro trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 19 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos DE 11 días.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao primeiro trimestre de 2015 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 15 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 14 días.

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DO LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO POSTO POLA INTERVENCIÓN DO CONCELLO AO PAGO DE VARIAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL “MANUEL ÁNGEL CORTIZO”.-

A Presidencia deu conta do decreto ditado pola Alcaldía, de data 15 de xuño de 2015, en relación ao reparo suspensivo posto pola Intervención Municipal, de data 21 de maio de 2015, en relación ao pago de varias facturas correspondentes ao Servizo de mantemento do campo de fútbol municipal Manuel Ángel Cortizo, do seguinte tenor:

DECRETO DA ALCALDÍA

D. Rafael Cuiña Aparicio, en virtude do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Lalín e analizado o reparo posto pola intervención deste concello en virtude do artigo 216.2 c), en relación co servizo de mantemento do campo de fútbol Manuel Ángel Cortizo.

Tendo en conta o informe do Secretario Xeral e da Técnica de Contratación de data 15 de xuño de 2015 no cal se sinala que no expediente de referencia estamos diante dun erro na delimitación dos obxectos dos dous contratos: o de servizos e o laboral, e no cal se indica que esta confusión parcial dos contidos e nas funcións que o traballador laboral e o contratista asumen nos seus respectivos contratos pode producir unha anulabilidade parcial e danos ao interese xeral.

DISPOÑO:

Primeiro.- En virtude do establecido no artigo 217 do TRLRFL que me outorga a competencia para levantar este tipo de reparos, levantar o reparo suspensivo e proceder ao recoñecemento da obriga, ordenación do pago e o pago das facturas número 46,45 e 43 de D.

Félix Adán Fernández, por importe total de 5.441,97 €, para evitar o enriquecemento inxusto da administración na medida en que a prestación si se realizou.

Segundo.- Ordenar a iniciación dos trámites precisos para proceder a rectificar e aclarar as funcións concretas de ambos contratos de xeito que sexan compatibles, evitando así confusións e danos e/ou prexuízos para o interese xeral.

O Sr. Secretario explicou o contido do mesmo. Houbo unha contratación laboral hai varios anos para a limpeza e o mantemento do campo de fútbol Manuel Ángel Cortizo. Logo o ano pasado contratouse en réxime mercantil a un autónomo para o mantemento das mesmas instalacións. Nesta fase boubou unha reclamación do entón grupo socialista. Non se admitiu a mesma e logo ao presentarse a factura correspondente, a *Srª Interventora* presentou o reparo de legalidade suspensivo. Non se pagou a mesma e o *Sr. Alcalde* ditou un Decreto levantando o reparo e dispoñendo o pagamento da factura. Agora dábase conta e viña á sesión. Constaban varios informes, da Interventor e da *Secretaría*. Neste último falábase da necesidade de clarexar os obxectos de ambos contratos, para evitar a anulabilidade parcial dos mesmos.

Polo grupo de goberno, o socialista **D. Nicolás María González Casares** sinalou que houbo un recuso do grupo socialista porque non lle parecía correcta a dita contratación. Houbo un informe de contratación e rexeitouse o mesmo. Agora co reparo da *Srª Interventora*, o *Sr. Alcalde* tivo que ditar un decreto para levantar o mesmo e que se pagase á persoa contratada.

A *Srª Interventora* indicou que había dous modelos de xestión neste servizo, cando debía haber un único sistema. Había dous contratos co mesmo obxecto. Daquela, o entón edil socialista *D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez* denunciou este novo contrato.

Polo PP **D. José Antonio Varela Quintela** pediu saber en que situación quedaban agora tanto o contratista como o outro traballador.

Contestou de novo **D. Nicolás González Casares** sostendo que atendendo ao informe de Secretaría habería que actuar e modificar os dous: Un traballador laboral estaba en sitio distinto onde poñía o seu contrato. Habería que axustarse á legalidade vixente. Os contratos tiveron o beneplácito do Concello.

O Concello Pleno quedou enterado.

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3-P/2015.-

O Sr. Presidente deu conta desta proposta da Alcaldía de data 16 de xullo de 2015. De seguido o Sr. Secretario dou conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 20 de xullo de 2015.

Dende o BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** salientou que se sentía incómodo con este expediente. Lembrou que o motivo central deste expediente viña referido ao parking. Houbo unha xestión do goberno anterior sobre esta instalación que merecía unha censura porque implicaba responsabilidade pola mesma. Agora había que facer un arranxo substancial para

reconducir a situación. Era o terceiro burato municipal despois do da Casa Consistorial e do Lalín Arena. Lembrou tamén que houbo un rescate do Lalín Arena abonando unha suma moi elevada de diñeiro público; agora sucedía isto. Tamén íase adquirir o parking con moitos cartos municipais; logo viría a xestión da praza de Europa para modificar a situación negativa que presentaba. Sinalou que no seu día non se lles escoitou como grupo político sobre este e outros temas, destacando que a responsabilidade pola xestión anterior era do equipo anterior.

Polo grupo de goberno o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, compartía o punto de vista do edil nacionalista, pola gravidade do asunto e a contía do gasto municipal. Non obstante sinalou QUE diante este tema entendía que había que facer un punto e aparte e empezar a facer outra clase de xestión municipal.

Agradeceu o apoio do grupo nacionalista a esta proposta e o recoñecemento do labor do novo grupo de goberno para conseguir un mellor prezo na compra do parking que o pactado polo equipo anterior: unha rebaixa substancial. Rematou o seu turno volvendo a agradecer ao BNG a actitude construtiva neste asunto.

Polo grupo socialista, **D. Nicolás González Casares** salientou que se sumaban á pesadume do BNG pola xestión do equipo de goberno anterior. Compartían moitos dos puntos de vista expostos. Lamentou que, se ben neste asunto o novo equipo chegou a tempo, noutros asuntos non pasou o mesmo, como foi o Lalín Arena, no que se fose este equipo de goberno quen negociase podería ter conseguido unha redución substancial dun millón de euros.

Tamén desde CxG-CCTT, **Dª Teresa Varela Fisteus**, indicou que estaban totalmente de acordo coas verbas escoitadas e coa proposta que se facía. O certo foi que se meteron moitos cartos no Lalín Arena como se ían meter agora na adquisición do parking, non por xestión do novo equipo, senón porque neste caso, como sucede nas administracións públicas, as débedas se herdaban e o novo grupo de goberno ten que dar saída a esta situación.

Para o PP, e segundo **D. Xosé Crespo Iglesias**, se herdaban as débedas e o resto do paquete tamén. *“Chégase á casa e cóllese a mesma como estea: o positivo e o que non estaba tan ben”*, salientou.

Por outro lado pediu que se clarexase a confusión sobre as intervencións, e que non se interrompese, e mesmo había edís que nunca interviñan nos debates, esperando que haxa un novo regulamento que elimine estas dúbidas, interrupcións e confusións.

Sobre o tema en curso, salientou que o desastre económico que se anunciou polos partidos do grupo de goberno que existía no Concello de Lalín na campaña electoral non era tal. Ao contrario atopáronse un Concello moi saneado. Poucas corporacións locais de Galicia había coma esta, citando concellos como A Coruña, no que había problemas económicos e de liquidez. Destacou que os problemas, cando os hai, saen á luz e vense. Se non os hai, non se ven. En Lalín a saúde económica era envidiable, e o Concello tiña suficiente *“fuelle económico”* para afrontar esta compra do parking e outras máis. Todo elo debíase e era grazas á xestión do equipo de goberno anterior.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que nesta sesión non ía adiantar nada sobre este tema, posto que se traería a sesión o día vinte e sete de agosto, pero si quería adiantar que neste asunto, *“sobraba xente dentro do PP”*, adiantando que reclamaría responsabilidades por este tema.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 20 de xullo de 2015, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 3-P/2015, a financiar mediante superávit da liquidación do exercicio 2014, e remanente líquido de tesourería do peche do 2014, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria, para o abono á empresa contratista do importe actual da construción do parking, con motivo da restitución das prestacións derivado da anulación do contrato de concesión de obra pública, consistente na construción dun aparcamento subterráneo no Subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luis González Taboada”, e subseguinte explotación previa execución. A urxencia desta modificación está determinada pola existencia do procedemento contencioso administrativo 235/2013 no que a parte demandante, o adxudicatario do contrato, a empresa “Portas y Acuña Inmobiliaria, S.L.”, solicitou a suspensión de procedemento, por estarse a levar a cabo as negociacións precisas para chegar a un acordo entre as partes. Suspensión que non pode sine die. Así como de amortizar débeda polo que resta do superávit do exercicio 2014 e que non se destina a inversión financeiramente sostible, 331.915,97, en cumprimento do artigo 32 da LOESF, desa cantidade por importe de 255.944,07 € irá para o préstamo do BBVA 2013, co que se cancelaría; e o que resta para o préstamo de BANKIA 2013 por ser ámbolos dous os préstamos máis custosos para as arcas municipais.

Á vista da documentación que se achega, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de crédito financiado mediante superávit do exercicio 2014, e remanente líquido da tesourería do 2014, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
133. 622.43	Ordenación do Tráfico e do Estacionamento Parking Europa	2.200.000,00

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2.200.000,00

2.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
011.913.00	Débeda Pública Amortización préstamos a L/P de entes de fóra do sector público	331.915,97

TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 331.915,97

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2014, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento, consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

7.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 4-P/2015.-

O Sr. Presidente deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 16 de xullo de 2015. De seguido o *Sr. Secretario* dou conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 20 de xullo de 2015.

Dende o BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que aínda faltaba medio curso e non tiñan datos ata a Comisión Informativa. Esperaba tamén que non houbera máis gastos desta clase e pediu que se estudasen estes posibles imprevistos.

Polo grupo de goberno o **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio**, estaba de acordo coas verbas anteriores. Procurarían que houbera máis información para prever estas actuacións e gastos.

Pola APAC **Dª. Lara Rodríguez Peña** afirmou que si que tiñan opinión propia, en alusións ás verbas do voceiro popular ditas nesta sesión. Explicou que ás veces non tomaba a palabra porque cando os asuntos eran do grupo de goberno e estaban consensuados non tiña máis que dicir; entón as palabras eran baleiras e sobaban.

Polo grupo CxG-CCTT, **Dª Teresa Varela Fisteus** adiantou o apoio do seu grupo. A primeira partida era de suplemento aos grupos máis sensibles, tamén ás bibliotecas. Tratábase dunha obra herdada que tiñan que continuar e rematar. En canto ao suplemento, este debíase a unha nova situación e ás aportacións aos grupos políticos, tras os acordos adoptados.

Polo PP **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que no desenvolvemento dunha obra destas características era o normal. Era un edificio vello e había que rehabilitalo. Apareceron unhas placas de fibrocemento con amianto, no mobiliario do teito do salón de actos e houbo que retiralas. Sempre había aspectos imprevistos ou aspectos descoñecidos que xurdían. Neste caso houbo unhas placas de fibrocemento que houbo que desmontar. O que pasou era normal nesta clase de edificios. Tamén sucedeu na rehabilitación do Pazo de Liñares.

Indicou que o venres pasado acabaron as clases e esperaba que a nova biblioteca estivese en funcionamento co novo curso escolar. Agora a obra ía algo retrasada.

En canto á asignación aos grupos políticos, estaban de acordo co mesmo porque contiñan o incentivo de que terían un administrativo a cambio de apoiala. Non obstante insistiu en que o resto dos grupos saíron favorecidos polo reparto dos cartos e o PP saía perxudicado.

Polo grupo de goberno **D. Nicolás María González Casares** adiantou que rematou o curso escolar e a escola de verán empezaba cun mes de retraso. O grupo de goberno atopouse con que non había crédito, que acababa de tomar posesión e que non había nin ordenanza aprobada. Non había nada preparado, e por suposto tampouco crédito suficiente para atendela. O equipo de goberno anterior prestou o servizo durante os meses de verán levando a comida ao domicilio de seis familias e uns vinte nenos pequenos. Agora había trinta e catro familias con cincuenta e cinco menores. A diferenza era importante.

Este ano haberá quendas no servizo e prestarase de nove a quince horas entre o tres de agosto e o catro de setembro. Esperaba que o ano que ven o servizo sexa máis amplo e se empezara a tramitar no mes de marzo.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, sinalou que o desenrolo das obras deste proxecto da rehabilitación da vella Casa Consistorial non era unha práctica habitual do Concello, senón que era do anterior equipo de goberno.

Afirmou o compromiso e o interese do grupo de goberno e del persoalmente, desde o primeiro momento en manter aberto os comedores escolares no mes de agosto. Rexeitaba as declaracións na prensa da anterior edil, **Mª Paz Pérez Asorey**. O equipo de goberno quería prestar este servizo e non excluír ós nenos afectados. Había que dar este servizo dos comedores escolares. O certo era que o grupo de goberno anterior non deixou nada feito sobre este tema, nin xestión nin cartos, e o novo goberno municipal tivo que poñerse a traballar desde o primeiro momento.

Coidaban que non houbo moito tempo para elo e só dispuxeron de corenta días desde a súa toma de posesión.

Pediu á edil popular **Mª Paz Pérez Asorey** máis responsabilidade e prudencia neste tema e evitar a demagogia coas súas verbas.

De novo **D. Xosé Manuel López Fernández, do BNG**, afirmou o seu compromiso de apoiar e o seu desexo por contar pronto coa nova biblioteca pronto. Non obstante expresou as súas dúbidas da pronta entrada en servizo da mesma.

Por alusións o Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, precisou que a vontade do goberno era esa: a de poñer en funcionamento a mesma o antes posible.

Unha vez máis, **D. Nicolás González Casares** indicou que a biblioteca foi a primeira obra coa que se atopou no seu novo cargo. Tivo que pedir xustificacións técnicas polos cambios e reformados, porque non había partidas para afrontar estas obras a maiores.

En canto á Escola de Verán lembrou que nun ó ano o número de beneficiarios duplicouse. *¿Puideron facelo antes?* Coidaba que non, porque no Pleno organizativo non podían traelo. E repetiu que levaban corenta días no goberno e non puido traerse antes.

Na segunda rolda **D. Xosé Crespo Iglesias**, do grupo popular, insistiu en contar cun administrativo, tal e como se acordou co grupo de goberno e de que isto constase en acta. Sobre a Escola de Verán indicou que se partía dun handicap: que non había que estigmatizar aos nenos. O seu grupo abordou isto o ano pasado levando aos domicilios a comida. Agora o novo sistema empezaría a contar desde agosto cos novos comedores. De todos os xeitos indicou que o seu grupo e o PP en xeral eran moi malos vendedores e non sabían vender á xente os servizos e as vantaxes da súa xestión.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** indicou que tiña dúbidas de que a nova biblioteca estea en funcionamento no mes de setembro, fundamentalmente porque se necesitaría mobiliario e non había moitos cartos públicos para elo.

Rematou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicando que parecía unha pregunta da oposición ao goberno municipal. Ratificouse no xa dito, especialmente no feito de que o comedor foi unha das súas primeiras cuestións como Alcalde, e da que falou coa *Sr^a. Interventora* cando tomou posesión.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e dez (10) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 20 de xullo de 2015, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Modificación da Base 24 das de Execución do Presuposto o expediente de Suplemento de Crédito número 4-P/2015, a financiar mediante baixa doutras partidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de ampliar o crédito na aplicación orzamentaria de asistencia social, para a ampliación do período de implantación da Escola de Verán, un programa de educación non formal, que pretende mellorar as competencias básicas dos/as menores, que conta como obxectivos:

- Ofrecer actividades educativas para os menores durante o período estival.
- Potenciar e favorecer o desenvolvemento integral dos menores.
- Desenvolvemento de competencias de aprendizaxe: competencias en comunicación lingüística, matemáticas, en ciencias e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas.
- Promover hábitos de vida saudables.

- Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación.

Para conseguilo promove a realización das seguintes actividades:

1. Actividades de coñecemento do entorno.
2. Actividades de lóxica – matemática.
3. Actividades de fomento de lectura. Animación á lectura dinámica.
4. Actividades de expresión oral e escrita. Talleres de escritura creativa.
5. Actividades de aproximación á lingua inglesa.
6. Talleres dixitais e de novas tecnoloxías aplicados á educación.
7. Talleres de psicomotricidade e expresión corporal.
8. Talleres de artes plásticas e de motricidade fina.
9. Taller de ciencias divertidas.
10. Actividades de desenvolvemento e potenciación da autonomía persoal.
11. Obradoiros de costumes e tradicións galegas.
12. Educación en valores.

Partindo de todo o exposto e tendo en conta a demanda do servizo e que os cartos orzamentados non chegaban para implantar o programa nun período suficiente para alcanzar minimamente os obxectivos previstos, considerase urxente suplementar a aplicación orzamentaria con destino a cubrir o campamento ata o inicio do curso escolar. Por outra banda, segundo a memoria presentada polo director de obra e redactor do proxecto da *“Rehabilitación da antiga Casa Consistorial de Lalín”*, na que explica que con motivo de imprevistos, debidos a causas intrínsecas a un proxecto de rehabilitación dunha edificación histórica, da que, en fase de proxecto, non é posible coñecer totalmente os elementos e sistemas construtivos que a compoñen, é preciso aprobar un modificado do proxecto a fin de rematar as obras axeitadamente, sendo urxente porque a tramitación deste modificado conleva a paralización das obras, xa que non se pode continuar coa execución das mesmas na medida en que os elementos afectados polo modificado o impiden.

Por último, trátase de suplementar a partida destinada a subvencións dos grupos políticos. Considerase urxente esta modificación para adaptarse á nova situación que xurdiu das urnas do día 24 de maio, no que se modificaron os grupos presentes no pleno, e que precisan dunha nova aportación económica para desempeñar correctamente a súa labor. Esta última modificación conleva a modificación da base 24 do orzamento municipal vixente.

Á vista da documentación que se achega no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de crédito financiado mediante baixa doutras partidas, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
231.226.09	Asistencia Social Primaria	5000,00
	Actividades Culturais e Deportivas	

912.489.06	Órganos de Gobierno	17.900,00
	Subvencións Grupos Políticos	
3321.632.08	Bibliotecas Públicas	29.532,13
	Rehabilitación Concello Vello para biblioteca	

TOTAL ALTAS DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 52.432,13€

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

Área de gasto 1 e 9		
Aplicación	Denominación	Importe €
132.120.03	Seguridade e Orden Pbco	10.532,13
	Salario Básico Funcionarios Grupo C1	
132.121.00	Seguridade e Orden Pbco	10.000,00
	Complemento de destino	
920.120.01	Administración Xeral.	7.900,00
	Salario básico Funcionarios Grupo A2	
920.120.04	Administración Xeral.	5.000,00
	Salario Básico Funcionarios Grupo C2	
920.121.00	Administración Xeral.	5.000,00
	Complemento de Destino	
920.121.01	Administración Xeral.	10.000,00
	Complemento Específico	
920.130.00	Administración Xeral.	4.500,00
	Laboral Fixo. Retribucións Básicas	
TOTAL BAIXAS		52.432,13 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Así mesmo, **ACORDOUSE modificar a Base 24 das de Execución do Presuposto para o exercicio 2015**, coa finalidade de establecer o novo reparto das subvencións ós grupos políticos.

En consecuencia, aprobouse **modificar a Base 24. Apartado b)** no seu cuarto **parágrafo** que quedaría redactado nos seguintes termos:

“Consonante ó disposto no apartado 3º do artigo 73 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese unha asignación económica global para os grupos políticos con representación no Pleno da Corporación por importe de 22.900 €, dos que 5.000 se repartiron no primeiro semestre do seguinte xeito, contará cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos (20 % do importe total) e outro variable en función da representación obtida por cada un deles, resultando o seguinte reparto:

- Grupo municipal Partido Popular: 2.916,80 €.
- Grupo municipal Partido Socialista de Galicia-PSOE: 1.012,00 €.
- Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego: 630,80 €.
- Grupo municipal Partido Galeguista Demócrata: 440,40 €.

establécese unha asignación económica de 17.900 € para os grupos políticos con representación no Pleno da Corporación a partir do 24 de maio de 2015; esta dotación económica contará cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos de 3.000 € por grupo e outro variable en función da representación obtida por cada un deles con 100 € por cada un dos 4 primeiros concelleiros e de 200 € a partir do quinto, resultando o seguinte reparto:

- Grupo municipal Partido Popular: 4.600,00 €.
- Grupo municipal Compromiso por Lalín CxG-CCTT: 3.800,00 €.
- Grupo municipal Partido Socialista de Galicia-PSOE: 3.300,00 €.
- Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego: 3.100,00 €.
- Grupo municipal APAC: 3.100,00 €.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

8.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO.

8.1.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO EN RELACIÓN Á SOLICITUDE A ACEGA DA COLOCACIÓN DE CARTEIS INDICATIVOS NA AP-53 DA REDE NATURA DA SERRA DO CANDÁN E DA PARROQUIA DE VILATUXE.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4593. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 20 de xullo de 2015.

Polo grupo de goberno, a socialista **D^a. Celia Alonso Caramés** indicou que a zona do Candán era a zona de maior valor ecolóxico de Lalín e tamén de Galicia. Estaba dentro da Rede Natura e contaba cun importante valor patrimonial, arqueolóxico, pola súa minería, explotación, lendo a parte expositiva da moción e o que se pedía.

Polo BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** coincidía tamén en que había que protexer e gardar a Serra do Candán. Estabamos diante dunha verdadeira xoia, ao igual que outras zonas

como eran os montes de Zobra que tamén había que protexer. Tiña un indubidable valor económico. Apoiaría a moción e consideraba que era un primeiro paso no coidado que había que dar a este lugar.

Desde o grupo ce CXG-CCTT, **D^a Teresa Varela Fisteus**, tamén vía ben as petición que recollía a moción, explicando que partía dunha petición que fixo a asociación de veciños de Vilatuxe.

Polo PP, **D. José Crespo Iglesias**, tamén estaba de acordo. Sinalou que o nome da Consellería a quen ía dirixida a moción non estaba correcto e había que corrixilo. Referiuse finalmente a que coidaba que ACEGA non faría moito caso ao respecto. Lembrou que el pediu hai tempo a sinalización da Faga de Catasós e non tivo resposta.

Por alusións **o Sr. Alcalde** indicou que ao mellor habería que negociar cun Fondo de Inversión *malasio*.

De novo, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que tamén se incluíse na moción a petición de sinalización da Fraga de Catasós.

De novo **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que si aceptaba esta petición, e tamén pediu que se incluíse a protección e a sinalización da Fraga de Casas Vellas.

O voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**, aceptou esta condición.

Finalmente rematou o debate **D^a. Celia Alonso Caramés**, indicando que sería conveniente que máis adiante se sinalicen tamén os montes de Zobra, para enriquecer o tramo para excursionistas e persoas que visitaban o tramo. Deu as grazas ao PP por apoiar a moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción do grupo do goberno de data 16 de xullo de 2015, do seguinte tenor:

A Serra do Candán é unha das zonas de máis alto valor ecolóxico do Concello de Lalín e está declarada como territorio da Rede Natura. As súas características xeolóxicas, a súa riqueza natural, as devesas e a súa vexetación de ribeira fan desta zona un lugar único dentro da provincia de Pontevedra e de Galicia. Ademais do seu valor natural hai que unirle un valor patrimonial de primeira orde coa presenza de conxuntos de alvarizas, restos medievais ou de explotación mineira.

Dende este grupo de Goberno consideramos que a Serra do Candán é un valor único que Lalín debe promocionar turísticamente e un dos primeiros pasos desa promoción é dar a coñecer aos visitantes o lugar onde se atopa e as indicacións viarias precisas para chegar a esa zona da Rede Natura, hoxe en día unha descoñecida, pois non foi promocionada como é debido nos últimos anos, perdendo así unha oportunidade de contribuír a un desenvolvemento rural sostible.

Por todo elo **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Solicitar a ACEGA, concesionaria da autopista AP-53, que se sinalice axeitadamente a Serra do Candán en ambos sentidos, ademais de sinalizar tamén a parroquia de Vilatuxe, porta de entrada de dito enclave xeográfico.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia, neste caso á Consellería de Política Territorial, que se sinalice a PO-534 axeitadamente para localizar a Serra do Candán en ambos sentidos, neste caso xa dende Lalín (Rotonda de O Empalme, Donramiro) e a ser posible dende o paso de dita vía polo Concello de Forcarei, co que compartimos parte do territorio da Rede Natura do Candán. Demándase así mesmo que se sinale axeitadamente a Fraga de Catasós e a Fraga de Casas Vellas.

3.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, responsable da xestión da N-525 e da N-541, que se sinalice a Serra do Candán axeitadamente dende ambas vías. No caso da N-525 no entronque de dita vía coa AP-53 e no caso da N-541 ao seu paso polo Concello de Forcarei no seu entronque coa PO-534.

8.2.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA DECLARAR O CONCELLO DE LALÍN COMO MUNICIPIO LIBRE DE DESAFIUZAMENTOS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4588. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de xullo de 2015.

Polo grupo de goberno o sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que este tema era un dos asuntos que ía nos programas electorais dos distintos partidos e agrupacións do goberno actual. Estaban a traballar nesa liña e a semana pasada parouse un desafiuamento. O grupo de goberno estaba empeñado en poñer todos os medios ó seu alcance para evitar isto. Nesta liña estaba a retirada de fondos dunha entidade bancaria, como mostra desta nova política, na que o primeiro eran as persoas. Desde logo tiñan claro que non ían fortalecer o poder da banca.

Polo BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** presentou unha emenda parcial de adición á moción en debate. Con ela coidaba que había que prestar máis atención e coidado ás persoas, nestes supostos de desafiuamento dos que coñecían varios casos. Na emenda pedíanse ao goberno actual adoptar medidas paliativas fronte á actuación dos bancos, actuación que xeraba indefensión. Tamén se solicitaba que o Goberno Central modificase as leis vixentes.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Nicolás González Casares** indicou que neste eido había concellos destacados que paralizaban case todos os desafiuamentos, como era o de *Fuenlabrada* na C.A. de Madrid. En Lalín non había tanto volume coma nas grandes cidades, pero había algúns casos e por elo cumpría adoptar medidas ao respecto. Engadiu que naquelas actuacións municipais se procuraría respectar e salvagardar a confidencialidade dos afectados.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio**, *Alcalde-Presidente*, indicou que non había moitos casos en Lalín, pero como se fosen moitos, porque do que se trataba era de transmitir a idea aos bancos de que a actitude do goberno de Lalín nestes casos non era precisamente a de consentir estes desafiuamentos; ao contrario, opoñeríase con todos os medios o seu alcance.

Polo PP **D. José Crespo Iglesias** indicou que esta era unha moción típica que viñan aos plenos procedentes doutros concellos.

Sinalou que neste tema había que dicir, porque o Concello carecía de competencias e tiña pouco que dicir, por elo as declaracións eran nulas e un canto ao sol.

Reiterou **D. Rafael Cuíña Aparicio** que o tema da retirada de fondos de *Bankia* foi amosar unha actitude xeral de rexeitamento aos desafiuzamentos.

Por parte tamén do PP, **D^a. Paz Pérez Asorey** indicou que estaba a favor de prestar a atención ás persoas afectadas por estas situacións difíciles. Estaban dispostos a apoiar sempre que houbese un informe favorable á legalidade do acordo. A maiores pediu que o goberno municipal redactase e aprobase un protocolo de actuacións a seguir nestes casos, e concretar.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que algunha competencia tiñan os Concellos e ían utilizalas. Sobre a concreción das propostas dixo que si, que o primeiro punto era unha declaración de intencións.

O Sr. Secretario indicou que o punto primeiro da moción era unha declaración de intencións, máis que un acordo, tal e como ía na moción. Sobre os puntos 2 e 3 había que concretar os límites, do acordo municipal, aludindo a supostos casos que podían darse.

O Sr. Alcalde, indicou que nos puntos 2 e 3 engadiríase “ata os límites legais”.

Sometida a votación a emenda presentada polo concelleiro do BNG, mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Sometida a votación a moción coa emenda de adición, mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo **o Pleno da Corporación APROBOU** a moción do grupo de goberno de data 16 de xullo de 2015, xunto coa emenda de adición presentada polo BNG, do seguinte tenor:

Toda persoa ten dereito a unha vivenda digna e as administracións públicas, nomeadamente a local, teñen a obriga de poñer todos os medios ao seu alcance para facelo efectivo.

Este dereito recóllese, por exemplo, no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e, no ámbito do Estado español, o artigo 47 da Constitución establece que “todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada”.

A crise económica está a xerar unha situación insoportable para milleiros de familias, que non poden atender as obrigas derivadas dos alugueiros ou os préstamos hipotecarios. Con todo, a crise non exonera ás administracións de garantir, na medida das súas posibilidades e competencias, o benestar dos cidadáns e o cumprimento das leis máis fundamentais, como é o dereito á vivenda.

Tendo en conta esta exposición de motivos e emenda aprobada, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Manifestar o desexo de que o Concello de Lalín sexa un Concello Libre de Desafiuzamentos.

2.- O Concello de Lalín porá todos os medios ao seu alcance para que ningunha persoa sexa expulsada do seu fogar, cando esa vivenda sexa a habitual e única, ata os límites legais.

3.- O Concello non facilitará medios municipais para colaborar nas expulsións, ata os límites legais.

4.- O Concello adoptará as medidas que estean ao seu alcance contra aqueles bancos que executen desafiuzamentos sen negociar a dación en pago ou o alugueiro social.

5.- O Concello retirará –ata os límites legais permitidos- os seus cartos das contas dos bancos que executen desafiuzamentos sen poñer medidas alternativas para os afectados.

6.- Instar ao Goberno do Estado a impulsar unha reforma lexislativa en materia civil, hipotecaria e procesal que permita:

- Admitir a dación en pago como cancelación da cantidade da débeda hipotecaria no caso de débedas de boa fe, de forma universal, eliminando as restricións e condicionantes na actualidade para acceder a esa modalidade de cancelación das débedas.

- Admitir nas execucións fundadas nun título hipotecario como causa de oposición da persoa debedora que actuase de boa fe, a situación económica que atravesa, sobre todo no caso de que teña recursos dependentes ao seu cargo, e do inmovible de garantía hipotecaria á vivenda habitual, obstando nese caso a impor un proceso de negociación tutelado polo Xulgado, que conduza a unha moratoria no pago dos prazos pactados, acomodándose á situación económica do debedor.

8.3.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA DECLARAR LALÍN VILA LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4589. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de xullo de 2015.

Polo grupo de goberno APAC, **D^a. Lara Rodríguez Peña** explicou brevemente o contido da

moción. En Lalín contábase cunha entidade, a Asociación de Peludos sen fogar, que lle fixo chegar esta petición, agora traducida en moción. Pareceulle correcta e procedente a petición e por iso a traía. A maiores engadiu que a Presidenta da dita asociación foi nas listas electorais do PP.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, falou no mesmo sentido, resaltando que foi a a propia asociación a que remitiu esta serie de peticións.

De seguido deu o uso da palabra á representante da dita asociación que brevemente fixo unha exposición ao pleno.

Polo BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** adiantou o apoio á moción.

Desde o grupo socialista, **D.ª Celia Alonso Caramés** tamén amosou a opinión favorable do seu grupo a esta iniciativa. Estaban en contra en xeral de todo maltrato contra os animais e así debera entenderse o sentido da moción.

Polo PP **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que durante os seus mandatos non autorizaron a instalación de circos con animais en Lalín. Sobre o local, indicou que se falou de darlle un do colexio Manuel Rivero ao respecto. En todo caso pediu que se clarexase o tema do maltrato animal, porque cumpría definir e ter en conta se outros eventos como Feiradeza e a Feira do Cabalo podían entenderse incluídos no sentido e alcance da moción.

Polo BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** sinalou que si viñeron circos a Lalín e que el estivo polo menos dúas veces nestas instalacións no últimos tempos.

D.ª Celia Alonso Caramés vía crueldade nestas atraccións ao público e entendía que había que engadir unha *coletilla* ao punto primeiro, no sentido de que quedaban excluídos as celebracións como Feiradeza, a Feira do Cabalo e os actos de exposición de cans.

Sometida a votación a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción do grupo do goberno de data 16 de xullo de 2015, do seguinte tenor:

A cuestión do respecto cara os animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizais, un dos aspectos máis surrealistas que teñen lugar no noso país, nomeadamente os circos, que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativerio. As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amosen condutas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obrigarlles a comportarse deste xeito contrario á súa natureza sométense a violentos métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están obrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados, engaiolados ou encadeados en camións de traslado, negando calquera posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación de estimulación e frustración da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos “estereotipados”, como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das gaiolas e ata automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar, ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan aos animais como reclamo do público infantil. Cremos que os pequenos e pequenas deste país, a Sociedade do futuro, merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respecto cara os seres vivos e o entorno.

Por elo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1. O Concello de Lalín non autorizará nin promoverá ou amparará a instalación de circos con animais e calquera atracción na que se utilicen animais no termo municipal.
2. Declarar o Concello de Lalín Vila libre de circos con animais.
3. O Concello de Lalín non permitirá a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galicia, aos grupos do Parlamento de Galicia e a Asociación Protectora de Animais Peludos Sen Fogar.

9.- MOCIÓNS DO PP.

9.1.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA QUE DOTE DE PERSOAL E POÑA EN MARCHA O CENTRO DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO ARQUEOLÓXICO (LABORATORIO DE LIÑARES).-

A Presidencia deu conta desta moción de data 17 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4606. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de xullo de 2015.

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que no Pazo de Liñares estaba previsto que se realizasen actividades de recuperación e tratamento arqueolóxico pola Deputación Provincial

de Pontevedra, no marco dun acordo que había coa mesma. Leu de seguido a moción e o que se pedía na mesma. De seguido pediu que agora que había unha nova Corporación, non se esquecese deste asunto e que axilizase e xestionase para que se dotase de persoal axeitado e realizase as funcións para as que se habilitou esta instalación.

Polo grupo de goberno o **Sr. Alcalde D. Rafael Cuiña Aparicio** sinalou que o seu grupo apoiaría a moción.

Polo BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** adiantou que se abstería.

Pola APAC **D^a. Lara Rodríguez Peña** explicou que esta obra do Pazo de Liñares e as actividades arqueolóxicas foron parte dun proxecto opaco. Faltou consenso entre os grupos municipais para afrontar esta obra, que era unha máis das obras faraónicas que fixo o goberno anterior.

Polo grupo de goberno **D. Nicolás María González Casares** explicou que esta obra e actividades formaba parte dun convenio ou proxecto da Deputación Provincial de Pontevedra que se chamaba Depodeza. Lembrou que el mesmo tivo dificultades para acceder ao dito convenio e había que miralo.

Pediu que se engadise: segundo estaba previsto no convenio subscrito coa Deputación Provincial de Pontevedra e que estaba en vigor.

Sometida a votación a moción mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e dez (10) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE** a moción, do seguinte tenor:

Con data 1 de agosto de 2013 o Pleno do Concello de Lalín aproba “a cesión de uso por un período de 20 anos e celebrar un convenio administrativo de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín”.

O dito convenio tiña por obxecto a cesión de espazos no Pazo de Liñares para a posta en marcha dun Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico (CXCA) cos seguintes obxectivos:

- Realizar estudos de materiais da Idade de Ferro e da Época Romana aparecidos nas intervencións realizadas na provincia de Pontevedra, sen rexeitar posibles solicitudes doutros ámbitos.
- Facilitar a realización de prácticas profesionais a mozos para a adquisición de novos coñecementos e técnicas.
- Estudar os materiais exhumados en intervencións de urxencia.
- Crear protocolos de "boas prácticas" á hora de tratar os materiais arqueolóxicos.
- Desenvolver actividades encamiñadas a fomentar a transferencia de coñecementos entre mozos galegos interesados na Arqueoloxía a través da utilización das novas tecnoloxías.

- Publicar os estudos realizados que favorezan a preservación da cultura.
- Protexer e preservar o patrimonio cultural.
- Fomentar a posta en valor do patrimonio cultural da provincia como instrumento de dinamización económica da Comarca de Deza.

Posteriormente, con data 24 de febreiro de 2014, a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obra para acometer as obras necesarias para o acondicionamento das dependencias do Pazo de Liñares que acollerán o CXCA e cuxo importe ascendía a 484.735,68 euros.

Unha vez rematadas as obras a Deputación de Pontevedra adxudicou a subministración do equipamento e do mobiliario por un importe de 128.231,43 € e 22.153,89 € respectivamente.

As dependencias destinadas o CXCA atópanse totalmente equipadas e listas para iniciar a actividade para a que foron deseñadas e na que levamos investidos un total de 655.449 €.

Por todo o anterior **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar á Deputación de Pontevedra a dotar do persoal necesario para que poida iniciar a súa actividade o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico.

9.2.- MOCIÓN DO PP PARA A REALIZACIÓN DUN INFORME ECONÓMICO OU AUDITORÍA DAS CONTAS DO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 17 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do día 20 de xullo co número 4634. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 20 de xullo de 2015.

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que a raíz do resultado das últimas eleccións locais o grupo de goberno que entrou a gobernar se atopou cunha sorpresa: a situación económica era moito mellor do que esperaba. Proba dilo era o arqueo e o inventario que se presentaron o día de toma de posesión. Tamén o nivel de endebedamento era moi baixo. Por elo, coidaba que había que explicar que a situación económica non era como se dixo na campaña electoral e demostrar con números o estado económico da Corporación.

Desde o BNG **D. Xosé Manuel López Fernández** indicou que non tiña nada que dicir.

Pola APAC **Dª. Lara Rodríguez Peña** tamén sinalou que no seu programa electoral ía facer unha auditoría que reflectise non só o estado de contas, senón tamén a xestión efectuada anteriormente polo grupo de goberno. Non se buscaba só saber os números, senón a xestión que se fixo e a situación real.

Polo grupo de goberno **D. Nicolás María González Casares**, PSdeG-PSOE, non estaba de acordo cos verbas nin cos datos aportados polo voceiro popular. Así mostrou datos que indicaban que o Concello de A Estrada tiña unha débeda máis baixa que Lalín; o mesmo fixo cos datos do Concello de Vigo.

Lalín era o noveno concello con máis impostos de Galicia e a presión fiscal tiña cen puntos porcentuais máis que A Estrada. Sinalou que mentres Lalín tiña unha débeda de 5,6 millóns de euros, A Estrada contaba con 2,7 millóns de euros.

Lembrou a débeda que se viña a arrastrar do Lalín Arena e a ocultación de varios decretos sobre o mesmo durante varios meses.

Dixo que, se non existise esa débeda, o actual goberno podería dedicar máis fondos a atender necesidades sociais apremiantes.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que sen o préstamo do Lalín Arena non habería débeda. Os tres millóns viñan dos remanentes. O nivel de endebedamento de Lalín de era moi baixo. Sobre as verbas do voceiro socialista afirmou que eran relativos eses datos aportados, porque en Lalín se computaban os pisos que estaban baleiros a efectos do IBI. Isto distorsionaba o estudo e os resultados. Sucedía o mesmo en concellos coma Vigo Sanxenxo e outros, nos que se computaban eses mesmos aspectos. O IBI era igual en Lalín que en A Estrada. Había que mirar os datos reais, o que pagaban realmente os veciños. Por exemplo en A Estrada, ao contrario que no Lalín Arena, non recadaban fondos das súas instalacións deportivas, aspecto que non se tiña en conta no estudo.

Polo grupo de goberno o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, non estaba de acordo coas verbas do voceiro popular. Coidaba que a obra da Lalín Arena ao igual que outras, foi unha obra desmesurada para as necesidades do Concello. A mesma respondía a unha época de gastos excesivos.

Todo elo impedía agora ao goberno municipal atender a outras políticas sociais máis necesarias. Sobre os datos da presión fiscal de Lalín en comparación coa existente nos concellos de Vigo e a Estada, remitiuse ás declaracións dos máximos mandatarios dos ditos concellos para estimar cal era o seu nivel de presión fiscal.

De seguido, o Xefe da Policía municipal, **Sr. Jesús López Cuñarro** quixo entregar unha copia do informe da Sr^a Interventora ao Sr. **Crespo Iglesias**, o cal rexeitou recibir o mesmo.

Desde o BNG o seu representante **D. Xosé Manuel López Fernández** explicou que a xestión do anterior goberno municipal non foi boa. Coidaba que era sumamente importante que se dera transparencia, por exemplo na páxina web do Concello para que se vexa e os veciños saiban en que se gasta o seu diñeiro o Concello.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, por alusións anteriores indicou que estaba previsto crear esa páxina e dar os datos dos gastos e o destino dos fondos públicos.

Na rolda de intervencións polo grupo socialista, **D. Nicolás González Casares**, do grupo socialista, indicou que faltaba a transparencia. A proba dilo foron os decretos que se ocultaron varios meses á corporación sobre o Lalín Arena. Indicou que Gaia Lalín Arena S.L. non chegou a estar en concurso de acredores, senón que pasou pola fase de precurso.

De todos os xeitos, o rescate do Lalín Arena amosaba o fracaso dun modelo de xestión para o Concello que supuxo para os veciños de Lalín máis impostos e máis gastos.

Coincidía co Sr. Alcalde en que estaba previsto incorporar os datos á páxina web e incrementar a participación cidadán nas políticas municipais. Publicaríanse os datos indicados sobre o destino dos cartos que se recadaban dos veciños.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias**, do PP, sostivo que había que defender a xestión do anterior goberno porque foi boa. Non foi perfecta, porque non había nada perfecto na vida, pero aí estaban as instalacións en uso.

Non estaba de acordo coas verbas do voceiro socialista. A instalación daba servizos non só aos veciños e aos usuarios de Lalín, senón aos veciños e usuarios de Rodeiro e Agolada, Silleda e da comarca.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** afirmou que entón daquela o que había que ter feito era negociar con eses concellos limítrofes este servizo.

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterando que os servizos eran máis que municipais, xa que os usuarios eran da comarca. Houbo unha xestión económica importante, os servizos estaban aí e podían disfrutarse.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción, do seguinte tenor:

Durante a precampaña e campaña electoral para as eleccións municipais do 2015, os grupos políticos, naqueles intres na oposición, fixeron moitas afirmacións erróneas, debido ao descoñecemento real da situación económica do Concello, tal e como foron recollidas en distintos medios de comunicación para, coas súas estratexias, desgastar o grupo de goberno.

Continuamente manifestaban que a situación era moi mala e que todo eran débedas, de forma que o Concello estaba nunha situación moi difícil.

Sempre se nos achacou dende a oposición, en aquel momento, que debido ás grandes obras realizadas, as débedas ían hipotecar ao Concello de Lalín para moitos anos.

Agora, xa co novo goberno, polas declaracións vertidas aos medios tanto nas súas visitas ao rural como a través das redes sociais sobre a situación real do Concello de Lalín, moitas veces se deixa entrever que a situación económica é mala, cando é xusto o contrario, e o que terían é que preocuparse máis de levar adiante un goberno que impulse o crecemento do noso pobo.

Como moitas veces se dixo, “o que é medible non é opinable”, e sabendo ben dende o grupo do Partido Popular, ata hai pouco goberno de Lalín, cal é a situación real das contas do concello por mor do “arqueo” de contas realizado para o traspaso de poderes, afirmamos con toda certeza que a 13 de xuño de 2015 o Concello de Lalín contaba con case 5 millóns de euros en metálico nas súas contas, (exactamente 4.917.419,86 euros), en varias entidades bancarias e tendo abonadas a dita data todas as facturas do anterior goberno.

Para clarexar dito asunto, o ideal sería facer unha auditoría, controlada tal e como manda a norma pola Intervención Municipal, e contratando se fose necesario unha asistencia técnica externa. Como do que se trata é de ter un documento exacto de como estaba economicamente o Concello no cambio de corporación cremos que, como mínimo, sería necesario un informe económico exhaustivo por parte da Intervención-Tesourería deste Concello.

En base ao anterior, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Que se faga polos Servizos Económicos do concello (Tesourería-Intervención) un INFORME ECONÓMICO que poña de manifesto claramente a situación de contas do Concello de Lalín a data 13 de xuño de 2015 nun prazo máximo de dous meses.

Segundo.- Que se dea conta no Pleno dos resultados de dito informe, referendado polas firmas do Secretario, Interventora e Tesoureira.

9.3.- MOCIÓN DO PP PARA A DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 17 de xullo de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 20 de xullo de 2015.

Polo PP **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que a raíz da desaparición das cotas de produción láctea na Unión Europa a produción reduciuse nun 8 %. Lembrou que neste ano había en Lalín aproximadamente unhas catrocentas vacas máis.

Leu as peticións da moción. O primeiro punto era importante, porque se trataba de introducir na negociación, e nos acordos a adoptar, ás empresas da distribución, algo que non estaba e que consideraba que era o máis interesante de todo. Os contratos se facían a un ano e era importante que se cumprira todo, e non só os seis primeiros meses. Sucedía, ademais, que aos baixos prezos que se pagaba polo litro do leite, había que engadir que os custos subían. Lembrou que na comarca o problema viña cando uns membros da cooperativa de Rodeiro deixaron de entregar o leite a *Lactalis* e cambiaron a *Leite Río* porque daquela pagaba máis. Logo veu o problema con esta empresa.

Lembrou algúns datos do sector, como era o feito de que España producía o 75 % do leite que consumía, e de que o resto viña de Europa vía empresas de distribución.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que ogallá suceda en Galicia o que pasou en *Francia*, país nos que se alcanzou un acordo entre todos os sectores afectados, entre eles, o da distribución do leite.

Polo BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** pediu un debate conxunto. Indicou que o que se pedía na súa moción como o que recollía a moción do PP eran peticións razoables. Si que botou en falta que na moción do grupo popular non aparecera a alusión á Xunta de Galicia, como se non tivese nada que ver con este tema e fose allea ao mesmo, salvo ao final nunha alusión no punto 5 da moción.

En resumo, vía positivas as dúas mocións en debate, se ben a primeira coa limitación xa exposta, e resaltando que o máis importante era axudar e ir xuntos para afrontar a situación e buscar as solucións.

Pola APAC **Dª. Lara Rodríguez Peña** vía positivo o debate das dúas mocións. Votaría afirmativamente as dúas.

Polo grupo de goberno, **D. Nicolás María González Casares** salientou que a moción do

grupo popular parecía espiritual. A Xunta de Galicia quedaba de lado do problema, aínda que non lle estrañaba porque a Conselleira do Medio Rural afirmou que o problema non era grave, a pesar de que houbo unha manifestación o día 17 deste mes á que asistiron máis de quince mil persoas dos sectores afectados.

Estaba a favor de que o sector da distribución do leite entrase a formar parte da negociación e que se chegasen a acordos co mesmo, ao igual que pasou en Francia, grazas ás xestións do Primeiro Ministro de Francia, *Sr. Manuel Valls*.

Doutra banda coidaba que a moción do grupo popular non era suficiente para afrontar a actual situación, e cumpría tomar medidas como as que se tomaron en Francia, corrixindo as distorsións do libre mercado, e sobre todo, había que ir pensando e traballando xa na creación dun grupo lácteo galego.

Polo grupo CXG-CCTT, **D^a Teresa Varela Fisteus** vía positivas as dúas mocións. Antes falou o Alcalde. Na moción do PP non aparecía a Xunta de Galicia cando era importante que figurase; doutra banda cumpría traballar no sector lácteo galego propio, e sobre todo adoptar todas as medidas que permitisen defender os intereses dos gandeiros galegos.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuña Aparicio**, reclamou diante de todo unidade de acción a todas as forzas políticas e a todos os sectores implicados neste problema do sector lácteo. A moción do PP parecía PURA hipocresía política, porque mentres se presentaba esta moción, a Xunta de Galicia non actuaba en defensa do sector lácteo e non asumía o protagonismo que debía ter. De nada servía que a manifestación do día dezasete deste mes á que acudiu a Alcaldía xuntase a preto de quince mil persoas, se a Xunta de Galicia non facía nada ao respecto.

Había que meterse no problema e estudar as saídas e as solucións aos mesmos. A realidade era que os custos ían para arriba e os prezos do leite estaban a reducirse por mor da entrada de leite do estranxeiro, de Francia e Alemaña. Había que afrontar esta situación e plantexar unha estratexia de defensa do noso sector lácteo.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que na moción do BNG habería que cambiar a primeira parte do apartado 3. A Xunta de Galicia non podía ser mediadora porque non estaba previsto na normativa vinte.

O texto do punto tres sería:

O Pleno do Concello de Lalín comprométese coa defensa do sector lácteo. E insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organizacións de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos.

Reiterou que a moción do seu grupo era razoaba; fíxoa el mesmo. Había preto de corenta concellos galegos afectados por este problema e moitos eran gobernados por xente do seu partido. Coidaba que había que ir á creación dun sector lácteo galego, e o importante para el da súa moción era o punto un, e pediu cambiar o punto terceiro da moción do BNG.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG,

APROBOUSE a moción, do seguinte tenor:

Durante anos os gandeiros de Galicia, ao igual que os do resto da Unión Europea, estiveron suxeitos ás cotas de produción da UE. Este sistema de cotas permitía ter un control da produción que permitía establecer unha base de prezo do leite con menos volatilidade, máis con subas e baixadas estacionais, xa que algunhas campañas resultaban con prezos altos e noutras os prezos percibidos polo produto descendían considerablemente, en boa maneira por mor da incidencia do mercado internacional e pola pouca especialización das industrias lácteas.

Agora a situación aínda se volve máis complexa. Logo da desaparición das cotas lácteas o mundo gandeiro está sumido nunha situación de dúbidas e incertezas que se reflicten no devir diario gandeiro. A posta en marcha dos contratos lácteos, que deberían ser unha seguridade para o sector leiteiro, non está dando os resultados previstos porque a capacidade de negociación non está a ser aproveitada por parte das Organizacións de Produtores Lácteos, o que permite que a industria fixe os prezos que debe firmar o gandeiro sen ter en consideración esa capacidade de negociación do produtor e sen que os dirixentes das devanditas organizacións fagan algo por remedialo.

A este respecto, consideramos un *hándicap* importante a falta de unión que está amosando o sector e incluso as OPL postas en marcha, que non están conseguindo os resultados de negociación que serían desexables, chegando incluso a non dispoñer unha axeitada organización da capacidade de produción e oferta e de axuste coa demanda de leite.

Neste senso, esta situación lévanos a ver con moita preocupación como os prezos percibidos polos produtores descenden cada mes, principalmente nas Comunidades máis distantes dos principais centros de poboación, como é o caso de Galicia, e como tamén se aprecian puntuais problemas de recollida do leite producido en varias explotacións con dificultades case insalvables se se pretende cambiar de empresa de recollida.

Na cadea de desenvolvemento deste sector, vital da nosa economía, deben estar presentes os produtores, os encargados da recolleita do leite ou transformadores e tamén a distribución e venda final do produto como único modo de rendibilidade e seguridade alimentaria para todos.

Por elo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) que auspicie da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) a inclusión da representación de produtores, transformadores e distribución, en tanto que é necesario que as tres partes estean coordinadas para garantir a estabilidade do sector.

Segundo.- Solicitar do INLAC e trasladar ás partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo.

Terceiro.- Instar ás organizacións agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á

garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos reflictan a calidade do leite galego e se aproveite a plasmación legal do demandado polas propias organizacións agrarias.

Cuarto.- Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos que neste momento reciben un prezo inferior polo leite e que contan cuns custos de produción superiores podan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade.

Quinto.- Trasladar estas propostas ás administracións, Ministerio, Xunta e Comisión Europea, e demais membros da cadea, para que, mediante as reunións pertinentes, se podan facer realidade estes acordos.

10.- MOCIÓNS DO BNG.-

10.1.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 17 de xullo de 2015 e rexistro de entrada o día 16 de xullo co número 4585. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 20 de xullo de 2015.

Esta moción debateuse conxuntamente coa moción presentada polo PP que consta no punto 9.3 da presente acta.

Sometida a votación ordinaria a emenda de adición do PP, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do BNG, **APROBOUSE** a moción, do seguinte tenor:

A situación do sector lácteo en Galicia a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación de Galicia estase volvendo absolutamente insostible para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do goberno galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custos de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os que as ganderías que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como

xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves para Galicia, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa dende o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando dende hai meses que, coa liberalización do sector na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas de produción, deixando totalmente desvalido o sector público. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galicia estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasibles a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comenzáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que regalado.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural de moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis. Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro viable sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por tolo elo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- O Concello de Lalín comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de contar con prezos xustos en orixe, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2.- Instar ao goberno galego e ao goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3.- O Pleno do Concello de Lalín comprométese coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organizacións de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda

a súa intensidade para acadar estes obxectivos. Así mesmo íntaos a:

a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Establecer, neste ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industriais das condicións contractuais; mecanismo de garantía de recollida de produción, así coma do volume e marxe de tolerancia, así como instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4.- Urxir ao goberno galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de *dumping* nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

10.2.- MOCIÓN DO BNG PARA CONSTITUÍR E POR EN FUNCIONAMENTO O CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 7 de xullo de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4284. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 20 de xullo de 2015.

Polo BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** explicou que coa moción pretendíase poñer en marcha este órgano, o Consello Escolar Municipal. Era un órgano participativo que acentuaría o funcionamento democrático neste eido, para abordar os problemas que afectaban a este sector. Insistiu en que se trataba de dar normalidade ao que estaba previsto na lei dende hai tempo e de ir corrixindo os déficits democráticos que aínda se daban no Concello, e que nunha grande parte se debían á política do partido popular.

Polo grupo socialista **D. Nicolás González Casares** dixo que estaban de acordo coa moción e non se entendía por que non se puxo en marcha antes este órgano. A maiores pediu que tamén se integrase un membro dos centros privados no dito órgano. Parecíalle pouco tempo as corenta e oito horas e pediu que fosen setenta e dúas horas.

Polo grupo de goberno, a voceira **Dª. Teresa Varela Fisteus** coincidía co espírito da moción. Tratábase de introducir novas liñas na actuación municipal e vía positiva a iniciativa. Coidaba tamén que había que cumprir as normas e axustarse á legalidade. Indicou que a convocatoria para nomear a vinte e un membros con corenta e oito horas de antelación parecía escasa. Pediu meditar ese apartado.

Pola APAC, **Dª. Lara Rodríguez Peña** compartía as observacións dadas pola voceiro

nacionalista, destacando que tamén ía no seu programa electoral.

Desde o grupo popular, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** indicou que este órgano que se trataba de crear era un órgano consultivo que pretendía recoller a representación do sector educativo no municipio. Eles non o crearon cando gobernaron.

Afirmou que habería que ver co paso do tempo como funcionaba este órgano. Agora de momento íanse abster.

A maiores rexeitou as verbas do voceiro nacionalista en relación co ensino e o seu partido político, indicando que varios do seu grupo municipal vivían do ensino, traballaban nel, e non estaba de acordo con estas clase de opinións lixeiras que viñan a dicir que o PP non tiña en conta o ensino como un servizo aos cidadáns.

Falou entón o sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicando que esta cuestión estaba no programa electoral dos tres partidos do goberno. Agora tratábase de aprobar o regulamento e de expoñelo ao público.

De novo o edil do BNG, **D. Xosé Manuel López Fernández** admitiu que o Consello Escolar municipal tiña un carácter consultivo. Non era un órgano para tomar decisións. Non vía problema en constituílo. Reiterou que ata agora non se constituíu e a meirande parte das veces nos consellos escolares de cada centro o representante municipal brillaba pola súa ausencia.

Rebateu as verbas do edil popular, afirmando que o ensino era un instrumento máis do PP para conseguir determinados fins políticos.

De novo **D. Nicolás González Casares** indicou que era un órgano que ía representar o sector no Concello. Vía positivo crealo e non atopaba razóns para non constituílo.

Nesta segunda rolda, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** reiterou o xa dito, no sentido de que o Consello Escolar Municipal tiña carácter consultivo. Eles ían absterse ata ver como funcionaba, esperando que non fose un mero instrumento político.

Rematou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** no sentido de que a moción era oportuna e ían aprobala.

Sometida a votación a moción, mediante o sistema de man alzada obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción cos dous cambios sinalados nas intervencións do seguinte tenor:**

O Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, (DOG, 11/03/88) estipula que os consellos escolares municipais son órganos de participación e espazos de convivencia onde os problemas do ensino se presentan dunha maneira concreta e por parte de cidadáns concretos.

Recoñécese a participación como un valor fundamental na organización do sistema educativo; e os consellos escolares garanten que calquera persoa poida exercer o seu dereito de participar no sistema educativo sen máis requisitos que a súa propia vontade e a súa elección ou designación polo sector ao que representa.

No mencionado decreto o deseño do Consello Escolar municipal procura a máis ampla participación social, e asegura a representatividade para asegurar unha comunicación fluída, por unha banda, cos Consellos Escolares de centros de ensino e, por outra, un alto nivel de interlocución co poder municipal.

Deste modo a democratización do ensino engade ao seu carácter formal o contido dos intereses específicos dos sectores sociais directamente afectados.

Ademais disto os consellos municipais de educación poden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais para conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade. Tamén axudan a cohesionar o tecido escolar implicado comprometendo aos grupos e persoas coa súa participación e contribucións.

A pesar da necesidade e utilidade evidentes dun CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, e transcorridos xa máis de 25 anos da aprobación da normativa, e a pesar da reiteración da petición das forzas políticas, sociais e profesionais a favor da súa constitución e posta en funcionamento, Lalín segue a carecer deste órgano de participación tan esencial.

Por todo isto, o Pleno da Corporación **ACORDOU:**

Primeiro.- Realizar as xestións oportunas para constituír e por en funcionamento o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LALÍN durante o primeiro trimestre do curso escolar 2015 - 2016.

Segundo.- Establecer que o seu funcionamento se axuste ao estipulado no ANEXO I que se xunta a esta moción.

Terceiro.- Aprobar inicialmente o regulamento do Consello Escolar Municipal, que consta de oito artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións finais e que figura autenticado no expediente da sesión.

Expoñer ao público o dito expediente polo prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias. No caso de non haberen estas, entenderase aprobado definitivamente o regulamento e definitivo este acordo, sen necesidade de adoptar novo acordo, e procederase a realizar os trámites correspondentes.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

11.1.- ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión:

PP.

D. Xosé Crespo Iglesias.

1º.- **ROGO.-** En realización coas peonizacións que fai a Alcaldía nas fins de semana, pechando ao tráfico rodado determinadas rúas, pediu que se puxera orde nestes asuntos e que non se fixeran agravios comparativos dunhas zonas con outras ou nas rúas con peonizacións nas mesas e sillas concedidas ou autorizadas. Indicou que recollía un certo malestar neste sector por este asunto.

Respondeu o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio afirmando que se estaban vendo e estudando todas as peticións que chegaban ao Concello neste eido de concesión de mesas e de sillas da hostalería. Cumpría dotarse dunha nova ordenanza e nisto se estaba a traballar. Non lle chegou ningunha queixa.

Tamén D. Nicolás González Casares indicou que non se adoptaron medidas que non estivesen consensuadas cos interesados e que se miraría para o futuro reformar a actual ordenanza.

2º.- **ROGO.-** En relación co muro que se estaba a construír en Doade, Lalín, explicou que o anterior concelleiro do rural, D. Antonio Rodríguez Rodríguez, quixo ver o proxecto da obra e comprobar algunhas das determinacións, en concreto a anchura dunha pista, e non puido velo. Despois presentouse un escrito para que o Concello procedese a paralizar a dita obra. Pediu que se deixen ver os proxectos de obras municipais e así cumprir o compromiso de transparencia que se anunciaba polo grupo de goberno.

Contestou o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio, aludindo a un tebeo que se denominado “A Cizaña”, sobre a conduta do concelleiro aludido polo voceiro da oposición. Rexeitou o actitude do dito Concelleiro que veu xunto ao Sr. Secretario a ver o proxecto como se se estivese no anterior goberno. O goberno municipal actuaría con transparencia e deixaría ver o proxecto e daría copias do que se puidese dar, pero a petición tiña que vir por escrito e con arranxo ás normas vixentes.

O edil do rural D. Miguel Ángel Medela Dobarro indicou que o ancho da vía que se estaba a reparar era de cinco metros, pero no proxecto estaban só catro metros.

O edil do PP, D. Antonio Rodríguez Rodríguez ratificou o dito por D. Xosé Crespo Iglesias, e indicou que o seu grupo só pedía que a anchura do camiño alcanzase ás estacas que había no lugar e que no seu escrito indicaba.

De novo o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio indicou que o proxecto eran catro metros e non estaba ben.

Sinalou de novo D. Xosé Crespo Iglesias que no proxecto eran catro metros como mínimo de ancho no camiño.

3º.- **ROGO.-** Pediu que se cambiase o xeito de actuar do goberno municipal. En concreto que se convocase aos voceiros da oposición para determinar algúns aspectos do organigrama municipal, como era a elección do sillón no salón de Plenos que debían ocupar os concelleiros, tanto do goberno como os da oposición. Lembrou que no ano 2011 foi a oposición quen elixiu o

lugar onde sentarse, e agora non foi así.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4º.- **ROGO.-** Pide que o goberno teña en conta os prazos breves de que dispón para solicitar as obras a incluír nos plans provinciais da Deputación de Pontevedra deste ano. En concreto referiuse ás obras que quedan por facer, como eran a Ronda Leste, o Campo de Rugby e o Parque do Cocido, ou as que substitúan ás mesmas.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

5º.- **ROGO.-** O tema do Comedor escolar xa estaba falado, e pediu mellor organización do mesmo para o futuro.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado e remitiuse ao xa dito.

6º.- **ROGO.-** Pide ao Sr. Alcalde que reconsidere a súa postura de renunciar e dar marcha atrás e desistir no recurso presentado contra a sentenza ditada na defensa da marca Lalín Kilómetro 0 contra a Deputación Provincial de Lugo.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

7º.- **ROGO.-** Pide ao Sr. Alcalde que a raíz dos actos do día 16 de xullo de 2015, Día da Virxe do Carmen, na Escola Naval de Marín, que pense que representa a todos os veciños de Lalín e non só aos que lle votaron, aludindo a que non sentaron ben algunhas das verbas sacadas nas redes sociais do máximo mandatario lalinense no ámbito castrense sobre os ditos actos.

En contestación o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio indicou que algún dos actos da dita celebración foron ao seu xuízo surrealistas, en concreto algunhas das verbas pedindo ao ceo polos militares do Sr. Arzobispo e as varias veces que sonou o himno español e ningunha vez o himno galego. Estaba disposto a delegar no dito edil a asistencia e a representación aos ditos actos cada ano, tendo en conta que non sempre se invitaría ao Alcalde de Lalín aos mesmos.

8º.- **ROGO.-** Pide que se reconsidere a postura municipal sobre a UNED de desistir de contar con esta instalación, decisión adoptada na Xunta de Goberno. O seu grupo estaba en desacordo con poñer fin a esta iniciativa. Era certo que custaba cartos ao Concello e que había poucos alumnos, pero coidaba que se daba un servizo, que Lalín estaba aí, e que había que repensalo e dar outra volta ao tema.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

9º.- **ROGO.-** Pediu axilizar as xestións municipais para poder acometer pronto os traballos de reposición ou a nova configuración da Ronda Leste.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

10º.- **ROGO.-** Pediu que se reconsidere a postura do goberno municipal de que os membros da oposición non teñan teléfonos móbiles e estes se reserven unicamente para os

membros do goberno.

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

11º.- **ROGO.-** Pide que o principio que rexa a formación e o funcionamento do grupo de goberno non sexa unicamente a de crear un cordón sanitario contra o PP para evitar que governe nos concellos.

Contestou D. Rafael Cuíña Aparicio, no sentido de que a formación do grupo de goberno foi por mandato dos veciños e que os pactos acordados eran para gobernar e facelo mellor que o PP o fixo ata agora.

12º.- **ROGO.-** Pide ao Sr. Alcalde que non limite o tempo nas intervencións dos voceiros nas sesións plenarias. Precisou que durante o seu tempo como Alcalde de Lalín nunca se botou a ningún das sesións, rexeitando aquelas actuacións do grupo de goberno que puideran entenderse como sinais de prepotencia ou de chulería, algo que non ía coas persoas ás que se atribuíu.

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

11.2. PREGUNTAS.-

Dª. Paz Pérez Asorey.

1ª.- **PREGUNTA.-** ¿Como están as xestións sobre as viaxes dos nenos saharauis a Lalín?

Contestou o Sr. Alcalde, no sentido de que se estaba xa a traballar nilo.

Finalmente o Sr. Alcalde manifestou que estando próxima o Día da Patria Galega, o 25 de xullo de 2015 recomendaba a todos un libro de lectura, do escritor galego Manuel Rivas: "Vicente Ferrer, Rumbo ás estrelas con dificultades".

E, sendo as catorce horas e vinte e tres minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas